

Acta da Asemblea Xeral do día 21 de novembro de 2017

Sendo as 20:00h do 21 de novembro de 2017 damos comezo a Asemblea Xeral da ICM co seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Acordo de Goberno Municipal. Decidir a continuidade ou non de ICM no Goberno Municipal.
3. Rogos e preguntas.

Comezamos coa lectura do acta anterior e apróbase por maioría.

Os concelleiros infórmanos de que EU convocou ao BNG a unha reunión bilateral, pero este vai ter unha asemblea interna antes de reunirse con EU.

Tamén nos comunican que os concelleiros do BNG presentaron onte, por rexistro, a renuncia as súas competencias.

A partir de aquí abrimos unha quenda de palabras onde cada asistente expón o seu punto de vista, o que conleva a un debate intenso e moi participativo.

Ao final procédese á votación da saída ou non de ICM do goberno co seguinte resultado:

“A maioría da Asemblea decide que Iniciativa Cidadá de Mugar dos rompa o acordo de goberno”.

Por todo isto decidimos sacar unha nota de prensa que transcribimos a continuación e que se fai pública e se envía ós medios de comunicación:

“Na asemblea celebrada hoxe, 21 de Novembro de 2017, a Iniciativa Cidadá de Mugar dos dou por roto o acordo de Goberno do que formaba parte. A pesar de ter proxectos importantes en marcha, e outros que se van a materializar nos próximos meses, a metodoloxía de traballo e de toma de decisións de forma unilateral por parte da alcaldía, lévanos a tomar esta dura decisión.

A ilusión por dar un xiro na forma de facer política en Mugar dos e implicar á veciñanza nas decisións que forman parte do presente e futuro da nosa vila, non ten cabida cos métodos da vella política, veuse co goberno de Juan Domingo Deus e nos últimos meses coas decisións internas e públicas de Pilar Díaz.

O camiño segue para Iniciativa Cidadá de Mugar dos, e será traballando para que o noso proxecto de pobo sexa realidade. Proxectos como a rehabilitación do Cine Zárate, dos Cascos Antigos do Seixo e de Mugar dos, un Mercade de Abastos totalmente renovado e a tan ansiada Participación Cidadá cuns primeiros Orzamentos Participativos pioneiros no noso Concello están xa listos para que sexan realidade.

Como xa demostrou ICM, tanto na oposición como no goberno, o noso proxecto político é propositivo. A posición política será de continua colaboración para chegar a consensos sempre que haxa vontade de diálogo.”

Non habendo rogos e preguntas e sen máis asuntos a tratar levántase a sesión sendo as 22:30h.